

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 6 de maio de 2020 pola que se acorda a continuación de determinados procedementos relativos á concesión de subvencións indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos públicos desta consellería durante a vixencia do estado de alarma.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 90, do 11 de maio de 2020, cómpre efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 19632, onde di:

«4. Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Procedemento	Publicación no DOG
Orde do 10 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social, e se convocan para os anos 2020 e 2021 (código de procedemento TR811A).	22.1.2020»

Debe dicir:

«4. Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Procedemento	Publicación no DOG
Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR353A).	22.1.2020»

Na páxina 19645, onde di:

«2. Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Procedemento
Orde do 10 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social, e se convocan para os anos 2020 e 2021 (código de procedemento TR811A)».



Debe dicir:

«2. Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Procedemento
Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR353A)».

